

# Estatutos de Compostela Aberta

## Capítulo primeiro

### Artigo 1º Denominación

Ao amparo dos artigos 6º da Constitución Española e 1º da Lei Orgánica 6/2002 do 27 de xuño de Partidos Políticos, constitúese o partido político denominado “COMPOSTELA ABERTA”, abreviado nas siglas “Compostela Aberta”, sendo o símbolo do partido un “globo” de cómic circular de cor gris coas letras COMPOSTELA ABERTA en maiúsculas no seu interior sendo de cor gris COMPOSTELA e ABERTA de cor azul. Para todo o seu logo a tipografía é “BEBAS NEUE BOOK”. A gris corresponde á cor PANTONE P173-S C e a azul á P173-SC.

O logotipo é o seguinte:



### Artigo 2º Fins

COMPOSTELA ABERTA é un partido político con ámbito de actuación no concello Santiago de Compostela constituído para contribuír democraticamente á determinación da política local e á formación da vontade política da cidadanía, así como para promover a súa participación nas institucións representativas de carácter político, mediante a presentación e apoio de candidatos e candidatas nas correspondentes eleccións, conforme ás seguintes fins específicas:

- Promover o empoderamento da sociedade.
- Loitar contra a corrupción.
- Defensa dos dereitos sociais.
- Defensa dos servizos públicos.
- Defensa do medio ambiente e a saúde.
- Promover a igualdade e valores feministas.

### **Artigo 3º: Enderezo.**

O enderezo social radica en Santiago de Compostela, na rúa Xosé Chao Rego, 22 15705 – Santiago de Compostela

O enderezo poderá ser modificado por acordo da Coordinadora

### **Artigo 4º Idioma.**

O idioma de COMPOSTELA ABERTA é o galego. Neste idioma realizaranse todas as súas comunicacións e publicacións, tanto internas como externas.

### **Artigo 5º Dirección Web**

A dirección web de COMPOSTELA ABERTA é [www.compostelaaberta.org](http://www.compostelaaberta.org) e o correo electrónico é [redes@compostelaaberta.org](mailto:redes@compostelaaberta.org)

## **CAPÍTULO SEGUNDO. Das afiliadas e afiliados. Dereitos e obrigas**

### **Artigo 6º Afiliados e afiliadas.**

Poderán ser afiliados/as de COMPOSTELA ABERTA as persoas físicas, residentes ou con vínculos laborais en Santiago de Compostela, maiores de idade, e que non teñan limitada nin restrinxida a súa capacidade de obrar, así como os cidadáns e cidadás estranxeiros/as cando a normativa vixente o permita sempre e cando asinen o manifesto ideolóxico e a carta ética. Na súa inscrición constarán os seus datos persoais que pasarán a formar parte dun arquivo, suxeito á Lei Orgánica de protección de datos (LOPD).

### **Artigo 7º: Admisión.**

A afiliación adquirese tras a solicitude (na que deberán constar datos persoais, DNI, domicilio e correo electrónico) e a sinatura do interesado ou interesada do manifesto ideolóxico e a carta ética de Compostela Aberta e a posterior ratificación da alta pola coordinadora da organización.

O rexeitamento dunha solicitude de alta deberá ser motivado e comunicado á persoa interesada no prazo de quince días desde a recepción da solicitude. A persoa interesada poderá recorrer a decisión ante a Asemblea Xeral que resolverá definitivamente na súa seguinte reunión.

Existirá no partido un Libro de Rexistro de Afiliados, onde constarán os datos de altas e baixas definitivas.

### **Artigo 8º: Dereitos das afiliadas e afiliados.**

Son dereitos das afiliadas e afiliados a COMPOSTELA ABERTA:

- 1.- A participar nas actividades do partido e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así como o asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
- 2.- A ser electores e electoras e elixibles para os cargos deste.
- 3.- A ser informados e informadas acerca da composición dos órganos directivos e de administración e sobre as decisións adoptadas polos órganos directivos, sobre as actividades realizadas e sobre a situación económica.
- 4.- A impugnar os acordos dos órganos do partido que se estimen contrarios á lei ou aos estatutos.
- 5.- A acudir á Comisión de Mediación e Garantías cando considere que foron vulnerados os seus dereitos

### **Artigo 9º: Obrigas das persoas afiliadas.**

Son obrigas das persoas afiliadas:

- 1.- Compartir as finalidades do partido e participar para a consecución das mesmas.
- 2.- Respetar o disposto nos estatutos e nas leis.
- 3.- Respetar os acordos validamente adoptados pola organización.
- 4.- Abonar as cotas económicas que se fixen para contribuír ao sostemento do partido.

### **Artigo 10º. Baixa da persoa afiliada.**

Calquera persoa afiliada ao partido causará baixa:

1. Por vontade propia.
2. Por falecemento.
3. Por decisión da Asemblea Xeral no caso de ter incorrido nunha falta moi grave.

### **Artigo 11º. Do réxime disciplinario**

O réxime disciplinario de Compostela Aberta réxese polo principio de proporcionalidade entre falta e sanción, graduando ambas en leves, graves e moi graves

Faltas:

1. Faltas leves

-Os comportamentos reiterados de falta de respecto ao correcto funcionamento das reunións, tais como interrupcións das quendas de palabra.

-As manifestacións públicas situadas fora do debate político que teñan como obxectivo o desprestixio da imaxe de outras afiliadas e afiliados.

## 2. Faltas graves

-Actuar en contra do libre exercicio dos dereitos recollidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.

-Actuar en contra dos principios e acordos lexítimos dos órganos de Compostela Aberta.

-Empregar indebidamente calquera tipo de información ou documento ao que se tiver aceso como membro dos órganos de Compostela Aberta sen autorización expresa do propio órgano.

-Actuar ou facer declaracións públicas en nome de Compostela Aberta sen estar autorizado polos órganos do partido.

-Acumular tres ou mais faltas leves no período dun ano.

## 3. Faltas moi graves

-Atentar gravemente en contra do libre exercicio dos dereitos recollidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.

-Incorrer en calquera forma de corrupción no exercicio de cargos públicos, especialmente naquelas que tiveren como obxectivo o beneficio e lucro persoal.

-Incorrer na administración desleal e dolosa dos recursos de Compostela Aberta.

-Actuar, no exercicio de responsabilidades orgánicas ou de representación institucional, en sentido diverxente co acordado polos organismos do partido.

Sancións:

### 1. Sancións leves

-Apercibimento escrito.

### 2. Sancións graves

-Suspensión temporal da afiliación por períodos de tres meses a un ano.

### 3. Sancións moi graves

-Suspensión temporal da afiliación por períodos dun ano a cinco anos.

-Expulsión definitiva.

No caso das afiliadas ou afiliados que sexan imputados e aos que se lles abra xuízo oral por causas ligadas á corrupción se lles aplicará automaticamente a suspensión cautelar de afiliación. Suspensión que pasará a ser definitiva no caso de condena.

## **Artigo 12º Simpatizantes**

As persoas que o desexen e compartan o interese por Compostela Aberta pero que non cumpran algunha das obrigas serán consideradas simpatizantes, sendo inscritas nos correspondentes arquivos suxeitos á Lei de Protección de datos (LOPD).

As persoas simpatizantes poderán participar das reunións ás que sexan convocadas e non poderán ser electores nen elixíbeis para os órganos do partido.

## **CAPÍTULO TERCEIRO. Órganos de goberno, representación e administración**

### **Artigo 13º Órganos do partido**

Son órganos do partido os seguintes:

- A Asemblea Xeral
- A Coordinadora
- A Comisión de Mediación e Garantías

Todos os órganos electos de CA elixiranse democraticamente respectando o criterio de paridade de xénero entendido como, que mínimo se garantirá a presenza do 50% de mulleres e no caso que estas acaden un resultado superior aplicarase o espírito da lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, quedando a proporción dun 60% mulleres e un 40% homes.

### **Artigo 14º A Asemblea Xeral**

A Asemblea Xeral é o órgano máximo de goberno de COMPOSTELA ABERTA e está constituída polo conxunto dos seus membros.

É o espazo máximo de toma de decisións da organización.

As asembleas serán convocadas pola coordinadora, ben por iniciativa propia ou porque así o solicitaran cando menos un 10% das afiliadas e afiliados.

A orde do día das asembleas será elaborada pola coordinadora seguindo o mesmo procedemento que para a elaboración das ordes do día da propia coordinadora.

As afiliadas e afiliados poderán obrigar á inclusión de un ou mais puntos na orde do día se así o solicitan cando menos un 10% das persoas inscritas no censo de afiliación.

## **Artigo 14º.1**

As Asembleas poden se Ordinarias ou Extraordinarias:

**A- ASEMBLEA XERAL ORDINARIA:** Debate cuestións relevantes de carácter ordinario, tanto de carácter político como de organización interna.

Reunirse unha vez, mínimo, cada dous meses.

As asembleas ordinarias sempre terán na orde do día un punto de “Rogos e preguntas” ao final da mesma.

Entre as súas funcións están:

- Aprobar os orzamentos anuais de COMPOSTELA ABERTA.
- Aprobar o informe de contas elaborado pola persoa responsábel de economía e finanzas de COMPOSTELA ABERTA, dentro do primeiro semestre do ano posterior ao exercicio correspondente, previo ao seu envío ao Tribunal de Contas dentro dos prazos legais establecidos.
- Aprobar e modificar os estatutos de COMPOSTELA ABERTA.
- Aprobar e modificar os principios políticos de COMPOSTELA ABERTA.
- Aprobar a realización de referendos sobre cuestións políticas ou organizativas a proposta da Coordinadora ou do 10% dos inscritos e das inscritas.
- Aprobar a posta en marcha dos procesos de eleccións dos organismos colexiados da organización (Coordinadora e Comisión de Mediación de Garantías) e da elaboración de listas para concorrer aos procesos electorais.

**B- ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA:** Debate cuestións extraordinarias ben pola urxencia ou relevancia, tanto de carácter político e estratéxico como de organización interna.

## **Artigo 14º.2 Funcionamento das asembleas**

1. O orde do día da asemblea, así como a mesa que a presidirá, será proposta pola Coordinadora para a súa ratificación, por maioría simple das asistentes, ao inicio da mesma.
2. As convocatorias faranse cun mínimo de 7 días de antelación para as asembleas ordinarias e de 48 horas para as asembleas extraordinarias.
3. A orde do día será elaborada pola Coordinadora, seguindo o mesmo procedemento establecido para a elaboración das ordes do día da propia Coordinadora. Por solicitude dun mínimo do 10% da afiliación poderán incluírse puntos na orde do día non previstos pola Coordinadora.

4. A mesa da asemblea constará como mínimo de dúas persoas que exercerán respectivamente como presidente-moderadora e secretaria encargada de recoller os acordos en acta
5. O procedemento de deliberación e debate nas asembleas seguirá o seguinte esquema:
  - Presentación do tema recollido no punto concreto da orde do día por parte da presidencia da mesa, que acto seguido cederá a primeira quenda de palabra á persoa designada pola Coordinadora, ou á designada polas afiliadas e afiliados que asinaron a solicitude de inclusión do punto na orde do día, para a defensa ou exposición do tema tratado.
  - Despois da primeira intervención da persoa relatora abrirase unha quenda de palabra. A presidencia recollerá as solicitudes de intervención, fechando a quenda e procederá a conceder a palabra ordenadamente ás persoas que o solicitaran.
  - Unha vez escoitadas as intervencións recollidas nesta primeira quenda a persoa relatora terá unha quenda de réplica.
  - Rematada a réplica a presidencia da asemblea poderá, se o considerar necesario, abrir unha segunda quenda de intervencións á que lle seguiría unha segunda quenda de réplica da persoa relatora.
  - Despois desta segunda quenda de intervencións e réplicas a presidencia tentará sintetizar unha resolución que será sometida á aprobación da asemblea. No caso de non acadar un consenso entre as persoas participantes no debate as resolucións sometidas a referendo da asemblea serán tantas como as diferentes opinións expresadas no debate. Neste caso considerarase aprobada a que receba mais votos a favor dos emitidos polas afiliadas e afiliados presentes.
6. Intentaranse tomar as decisións por consenso. De non ser posíbel, as decisións tomaranse por maioría simple (máis votos a favor que en contra) salvo no caso de someterse a votación a disolución do partido, para o que será preciso contar con unha maioría cualificada do 51% das afiliadas e afiliados inscritos no censo.
7. As votacións nos procesos deliberativos serán individuais e públicas, a man alzada, salvo nos casos no que polo menos un 20% das asistentes á asemblea reclamen votación secreta. Neste caso a votación farase en urna exercendo como mesa electoral a propia mesa presidencial da asemblea.

### **Artigo 15º Coordinadora**

É o órgano máximo de decisión entre Asembleas e reunirse polo menos unha vez ao mes.

A Coordinadora estará composta por 17 persoas: 12 persoas elixidas polo conxunto de afiliados e afiliadas, e 5 persoas designadas polo Grupo municipal, sendo estes últimos e estas últimas as encargadas de servir de canle de comunicación entre Compostela aberta e a actividade institucional.

As 12 persoas electas pola afiliación farano por un mandato de 18 meses, podendo ser re-electas até un máximo de tres mandatos consecutivos.

Cada membro da Coordinadora, das elixidas e elixidos pola asemblea, asumirá unha responsabilidade das distintas áreas de traballo que defina a propia coordinadora, estas responsabilidades poderán ser individuais ou compartidas. Como mínimo existirán as seguintes responsabilidades:

- Portavocía
- Organización
- Economía e Finanzas
- Comunicación
- Loxística e local

Á Coordinadora correspóndelle a función de representación e portavocía da organización, designando para tais funcións ás persoas que considere convenientes entre quen a integre.

### **Artigo 15º.1 Elección da Coordinadora**

-As cinco persoas representantes do grupo municipal serán designadas polo propio grupo municipal que decidirá libremente entre os seus integrantes quen asiste ás reunións da coordinadora.

-As doce persoas elixidas polo conxunto da afiliación escollerán en votación secreta seguindo o modelo de listas abertas podendo cada votante dar o seu voto a un máximo de oito das persoas candidatas.

-As candidaturas á coordinadora terán carácter individual e a papeleta de elección será única, se ben diferentes persoas candidatas poderán agruparse baixo un lema común que aparecerá acompañando ao nome da candidata. A orde dos nomes das persoas candidatas na papeleta electoral será alfabético partindo dunha letra escollida de forma aleatoria polo comité electoral.

-O comité electoral será elixido pola mesma asemblea xeral que convoque o proceso de elección da coordinadora. Estará integrado por un mínimo de tres persoas que deberán cumprir os requisitos de ter dereito a voto no proceso e non ser candidatas ou candidatos nel.

-O comité electoral encargarse da organización da loxística da elección e de velar pola limpeza e a ecuanimidade do proceso.

Os prazos para para a presentación de candidaturas, publicación das mesmas, duración das votacións, proclamación provisional dos resultados, alegacións e proclamación definitiva dos resultados así como peche do censo farase regulamentariamente sen que entre o inicio do procedemento e fin do mesmo poda pasar máis dun mes. Así mesmo regularase o formato de votación de tal xeito que permita a asistencia do maior número de persoas con dereito a voto e sempre que se garanta a identidade da persoa votante, o segredo do sentido do voto e o cumprimento dos requisitos estatutarios.

-O comité electoral será o encargado de exercer de mesa electoral, efectuar o recuento e proclamar os resultados.



Para a configuración da coordinadora terase en conta o criterio de paridade recollido no artigo 13 dos presentes estatutos polo que se aplicará un criterio de corrección sobre os resultados directos das urnas no caso de que estes non garantisen unha composición paritaria do organismo.

### **Artigo 15.2 Funcionamento da Coordinadora**

-A coordinadora é un órgano colexiado e solidario no que recaen as funcións de representación, xestión administrativa e económica e coordinación do conxunto da actividade partidaria.

-As reunións da coordinadora terán como mínimo unha periodicidade mensual e a súa convocatoria ordinaria correspóndelle á persoa que ocupe a responsabilidade de organización. Esta remitirá a convocatoria (na que se incluírá data, hora, lugar e orde do día) ás e aos membros da coordinadora con un mínimo de 48 horas de antecendencia.

-A elaboración da orde do día da coordinadora correspóndelle á persoa que ostente a responsabilidade de organización. En calquera caso, deberá incluírse na orde do día todo punto que sexa solicitado por un mínimo de tres membros do organismo.

-Por causas extraordinarias poderase convocar unha reunión da coordinadora a petición dun mínimo de cinco dos seus integrantes. Neste caso a orde do día será elaborado polas persoas peticionarias.

-As reunións da coordinadora estarán presididas por unha mesa integrada polo responsable de organización, que exercerá de moderador e presidente, e unha segunda persoa, electa ao comezo da reunión que exercerá como secretaria e levantará acta.

-O proceso de deliberación e toma de decisións da coordinadora seguirá un procedemento análogo ao seguido na asemblea xeral, recollido no punto 5 do artigo 13º.2 dos presentes estatutos.

-A coordinadora designará ás persoas que exercerán a representación legal da organización así como á persoa encargada da responsabilidade de economía e finanzas.

### **Artigo 15º.3 Funcións e responsabilidades da Coordinadora**

As persoas que fan parte da Coordinadora correspóndenlles solidariamente as seguintes funcións:

-Tomar decisións operativas e executivas para o funcionamento de CA. As decisións tomaranse sempre que sexa posíbel por consenso despois do debate, de non chegar a un consenso a decisión tomarase por votación con maioría simple.

-Coordinar e facer seguimento do cumprimento dos acordos e propostas que se definen na Asemblea, así como o seguimento e acompañamento dos grupos de traballo.

-Analizar a actualidade de Compostela Aberta.

-Xestionar imprevistos ou situacións de urxencia.

- Administrar os recursos de Compostela Aberta.
- Propor os orzamentos á asemblea.
- Impulsar a redacción dos documentos políticos de Compostela Aberta.
- Representar aos órganos así como ao conxunto de Compostela Aberta ante calquera institución pública ou privada, cos máis amplos poderes que en dereito correspondan, así como designar a terceiras persoas que podan ostentar a capacidade de representación legal do partido diante da administración ou ante os tribunais.
- A facultade de disposición e execución dos acordos adoptados.

A asunción solidaria e colectiva das funcións da coordinadora entre todos os seus membros non é impedimento para que en correspondencia á lexislación vixente se delimiten determinadas tarefas que pola súa natureza recaen en responsabilidades individuais.

#### **Artigo 15º.4 Da responsabilidade de organización**

A persoa electa pola Coordinadora como responsábel de organización cumprirá as seguintes funcións exclusivas:

- Convocar as reunións da Coordinadora e actuar como presidencia das súa xuntanzas.
- Xestionar o ficheiro de afiliadas e afiliados levando o seu control e cursando as correspondentes altas e baixas aprobadas polos órganos do partido.
- Levar ao día o libro de actas da organización.

#### **Artigo 15º.5 Da responsabilidade de economía e finanzas**

A persoa electa pola Coordinadora como responsábel de economía e finanzas cumprirá as seguintes funcións exclusivas:

- Xestión do libro de contas e de inventario da organización.
- Elaboración dos orzamentos anuais do partido.
- Elaboración dos informes anuais de finanzas e encargarse de trasladalos, unha vez aprobados pola asemblea xeral no primeiro semestre posterior ao exercicio ao que se corresponda, ao Tribunal de Contas dentro dos prazos establecidos na lexislación vixente.

#### **Artigo. 16º Comisión de Mediación e Garantías**

1.É o órgano de resolución de conflitos e velará polo cumprimento dos estatutos e a protección dos dereitos das e dos afiliadas/os.

2.Estará composta por catro persoas escollidas anualmente polos afiliados e afiliadas nun proceso de elección análogo ao descrito no artigo 14º.1 dos presentes estatutos para a elección da Coordinadora, co que se fará coincidir.

3.No caso da elección da Comisión de Mediación e Garantías as persoas que se candidaten non poderán agruparse sob candidatura ou lema común e cada votante poderá emitir o seu voto por tres das persoas que aparezan na papeleta para este organismo.

4.No caso da Comisión de Mediación e Garantías non hai limitación de mandatos para os seus membros, podendo presentarse consecutivamente aos procesos de re-elección.

5.Facer parte da Comisión de Mediación e Garantías é incompatíbel coa pertenza á Coordinadora

6.A Comisión de Mediación e Garantías funcionará como órgano instructor de todos os procesos disciplinarios e emitirá resolucións en primeira instancia. As súas decisións serán apelábeis ante a Asemblea Xeral, que actuará como órgano de segunda instancia e cuxas resolucións serán inapelábeis dentro da organicidade do partido sen menoscabo da competencia da xurisdición ordinaria.

7.A Comisión de Mediación e Garantías elixirá, na súa sesión constitutiva anual, entre os seus integrantes á persoa que exerza como presidente, que dirixirá e moderará as súas reunións e contará con voto de calidade nas súas deliberacións, e a persoa que exercerá a secretaría, que levantará acta das súas reunións e redactará os seus informes e resolucións.

### **Artigo 16º1 Do funcionamento da Comisión de Mediación e Garantías**

1.A Comisión de Mediación e Garantías reunirse dentro dos sete días seguintes despois da súa elección anual para designar entre os seus membros quen ostenta as responsabilidades de secretaría e presidencia e en todas as ocasións nas que sexa convocada pola súa presidencia.

2.A presidencia da comisión convocará a súa reunión sempre que haxa unha reclamación motivada por parte dunha afiliada ou afiliado, un grupo de afiliadas e afiliados ou un organismo da organización.

3.As reclamacións dirixidas á Comisión de Mediación e Garantías serán entregadas por escrito, en formato físico ou dixital, á persoa que ostente á presidencia. Estas reclamacións deberan facer constar:

-Obxecto da denuncia

-Persoa, persoas ou organismo contra as que se fai a denuncia

-Persoa, persoas ou organismo que fai a denuncia

-Motivación da denuncia e aporte documental probatorio

4.Unha vez recibida unha reclamación a presidencia da Comisión convocará reunión desta na que se avaliará se cumpre os requisitos para comezar a súa tramitación. No caso de non cumprilos a

Comisión poderá decidir a súa desestimación ou o requirimento de subsanación de erros ou maior aporte documental á persoa, persoas ou organismo que asine a reclamación. Se no prazo de sete días non houber susbanación ou maior aporte documental desestimarase a reclamación.

5.No caso de estimarse a reclamación abrírase o proceso de instrución. A persoa, persoas ou organismos obxecto da denuncia serán informados por escrito do comezo do proceso, informándoos da acusación e da carga probatoria na súa contra.

6.A persoa, persoas ou organismos obxecto da denuncia terán un prazo de quince días desde a notificación por escrito da apertura do proceso para remitir documento de descargo á Comisión. A Comisión avaliará a pertinencia da ampliación do prazo se hai razoamento motivado nese documento de descargo que o xustifique.

7.No momento en que a Comisión teña coñecemento tanto da denuncia como do documento de descargo terá unha reunión na que avaliará a pertinencia de ampliar a investigación (podendo reclamar maior aporte probatorio documental ás partes, o requirimento de aporte documental aos organismos e cargos do partido, a testemuña de terceiras persoas, a testemuña das partes implicadas ou o careo das partes implicadas) ou ditar resolución.

8.A Comisión de Mediación e Garantías reunirase todas as veces que sexa necesario durante o procedemento instrutor, levantando acta de todas e cada unha das súas reunións, e non considerará rematado o procedemento até que se estime que non pode haber maior aporte de probas. Ao considerar rematado o procedemento instrutor comunicáraselle ás partes o feche, se no prazo de sete días desde a comunicación ás partes non houber maior aporte de probas a presidencia da Comisión convocará reunión para ditar resolución nos sete días seguintes ao remate deste último período de alegacións.

9.A Comisión de Mediación e Garantías emitirá resolución por escrito que lle será comunicada ás partes e no caso de implicar sanción que implique perda de dereitos ou suspensión de militancia, tamén se lle comunicará á asemblea xeral.

10.A resolución da Comisión será apelábel ante a asemblea xeral. A resolución da asemblea xeral será inapelábel dentro das canles orgánicas do partido, sen menoscabo do dereito das partes implicadas a recorrer á xurisdición ordinaria.

11.No caso de que durante o procedemento de instrución a Comisión de Mediación e Garantías detecta que os feitos investigados poden ser obxecto de ilícito penal comunicaraos á xustiza ordinaria, sen menoscabo da continuidade do proceso de instrución orgánica.

## **CAPÍTULO CUARTO. Dos mecanismos de participación e control democrático**

### **Artigo 17º**

Os afiliados e afiliadas de Compostela Aberta, en virtude dos dereitos que lles outorgan estes estatutos e suxeitos ás obrigas que neles se establecen, teñen a capacidade para participar da vida orgánica do partido e exercer un control democrático sobre os organismos, cargos orgánicos

e representantes públicos electos nas súas listas. A tal fin Compostela Aberta establece os mecanismos de participación e control que se detallan no presente capítulo.

## **Artigo 18º Dos Grupos de Traballo**

1.Os Grupos de Traballo son organismos de participación directa entendidos como canles de comunicación entre o partido e a sociedade.

2.A persoa ou persoas interesadas en constituír un Grupo de Traballo deberán comunicar a súa vontade á Coordinadora que trasladará a solicitude para a súa aprobación ou desestimación na Asemblea.

3.A participación nos grupos de traballo está aberta a afiliados e afiliadas e a simpatizantes de Compostela Aberta. As participantes e os participantes nos Grupos de Traballo terán que manter unhas mínimas normas de respecto. En caso de non cumprir estas normas básicas poderase convidar a esta persoa a que abandone o grupo. O coordinador ou coordinadora de cada Grupo de traballo ten que estar obrigatoriamente afiliada a Compostela Aberta.

4.Os Grupos de Traballo divídense en temáticos e de barrio.

### **4.1 Grupos de Traballo Temáticos**

Será a canle principal de canalizar propostas concretas ao Grupo Municipal. Estarán centrados en fornecer de alternativas programáticas e propostas de actuacións concretas. Terán un carácter deliberativo e non decisorio.

Cada grupo establecerá os mecanismos organizativos propios axeitados para garantir unha configuración asemblearia, aberta e flexible así como unha participación o máis ampla posíbel.

Será tamén función de cada grupo temático designar a un ou unha responsábel que estará encargado ou encargada de convocar e/ou comunicarse coa Coordinadora e representar ao grupo ante a Asemblea.

Previa comunicación e a petición do Grupo Temático, as persoas responsábeis poderán participar, con voz pero sen voto, nas reunións da Coordinadora para expor propostas concretas.

Deberá haber como mínimo un Grupo Temático por cada área de goberno.

O concelleiro ou concelleira non terá que estar presente máis si en comunicación co ou coa responsábel do Grupo Temático.

### **4.2 Grupos de Traballo de Barrio**

Será o principal xeito de asentar organizativamente a Compostela Aberta. Estarán centrados en fornecer unha rede de inscritos e inscritas e de simpatizantes nas súas áreas de actuación, terán a función de servir de vasos comunicantes entre a veciñanza e o Grupo Municipal e poderán facer propostas sobre actuacións concretas, con carácter deliberativo, no seu respectivo barrio. Previa

comunicación e a petición do Grupo de Barrio, as persoas responsábeis poderán participar, con voz pero sen voto, nas reunións da Coordinadora para expor propostas concretas.

### **Artigo 19º Da representación orgánica e institucional. Obrigas e control democrático**

1.As persoas que exerzan cargos orgánicos, o persoal de confianza e as e os representantes institucionais electas nas candidaturas de Compostela Aberta ou nas coalicións nas que se integre o noso partido deberán cumprir, ademais das obrigas recollidas nestes estatutos para o común da afiliación, coas condicións que se establecerán no código ético de representantes.

2.O código ético de representantes establecerá o réxime de incompatibilidades para o exercicio de cargo público (sen menoscabo das incompatibilidades establecidas na lexislación vixente), a obriga da declaración de bens e actividades cando menos ao comezo e ao final do mandato e o compromiso de pór a disposición do partido o cargo desempeñado no momento en que a asemblea xeral determine que o seu exercicio dane ao partido ou á institución pública.

3.Nos casos en que o exercicio de cargo, orgánico ou na institución pública, implique retribución económica esta regularase ao comezo do mandato en base a unha carta financeira na que se establecerán os topes salariais.

4.A sinatura do código ético de representantes e da carta financeira é condición indispensábel para o desempeño dos cargos. A negativa a asinar ambos ou calquera dos dous documentos e o incumprimento dos requirimentos neles incluídos serán causa de destitución.

5.Cargos orgánicos e institucionais teñen na asemblea xeral o espazo ordinario e regulamentar de dación de contas da súa actividade.

6.A comparecencia diante da asemblea xeral por parte de cargos orgánicos e representantes institucionais en relación as súas funcións producirase sempre que o demanden os propios representantes, a coordinadora ou un mínimo do 10% das afiliadas e afiliados.

## **CAPÍTULO QUINTO. Réxime económico e patrimonial**

### **Artigo 20º Réxime económico**

Os recursos económicos de Compostela Aberta poden provir de:

- Cotas da afiliación
- Ingresos provenientes dá representación institucional.
- Os produtos das actividades propias do partido político e os rendementos da xestión do seu propio patrimonio, os beneficios procedentes das súas actividades promocionais, e os que podan obterse dos servizos que podan prestar en relación cos seus fins específicos
- As doazóns en diñeiro ou en especie, que perciban nos termos e condicións previstos na lexislación vixente

- Empréstitos

### **Artigo 21º Patrimonio**

Compostela Aberta carece de patrimonio fundacional.

### **Artigo 22º Rendición de Contas**

O exercicio económico terá como referencia o ano natural e as contas fecharanse con data do 31 de Decembro.

A Coordinadora elaborará anualmente unha proposta de orzamento segundo a normativa e presentará un informe de contas á asemblea relativo ao exercicio anterior. Ambas as dúas serán sometidas a votación para a súa aprobación. Unha vez aprobadas serán de carácter público.

As contas remitiranse anualmente ao Tribunal de Contas dentro dos prazos legalmente establecidos.

### **Artigo 23º Réxime documental**

Compostela Aberta manterá un réxime documental conformado por libro de afiliación, libro de actas, inventario e libro de contabilidade acorde ao establecido na lexislación vixente.

## **CAPÍTULO SEXTO. Disolución da organización**

### **Artigo 24º Réxime de disolución.**

A organización poderá ser disolta por decisión do 51% dos inscritos e das inscritas.

No referente á liquidación de patrimonio farase de acordo á lexislación vixente destinándose a organizacións que partillen os principios sociais, ideolóxicos ou políticos defendidos por Compostela Aberta.

